



ESCOLA GALEGA
DE SAÚDE
PÚBLICA

WEBINAR

MOSQUITO
TIGRE

ReGaViVec

Rede Galega de Vigilancia de Vectores



Medidas de prevención en espacios abiertos

Juan R. Guillán Rodríguez

21-08-2024



Online
Webinar



Competencias legais

Ley 7/1985 Reguladora de las Bases de Régimen Local

Ley 14/1986, de 25 de abril General de Sanidad.

Ley 27/2013, de 27 de diciembre de racionalización y sustentabilidad de la Administración Local.

- As **entidades locais** son as garantes da **salubridade** no municipio
- E por iso teñen a posibilidade de **elaborar ordenanzas** ou normativas que establezan as medidas necesarias para o control de mosquitos e sinale as obrigacións dos seus cidadáns respecto diso.
- A existencia dunha ordenanza municipal permite ao concello a posibilidade de **actuar en zonas privadas**.
- Os concellos poden establecer **infraccións** ao respecto



Prevencción

A prevención debe ser rutineira, sistemática e universal

Consiste en **evitar a proliferación** de mosquitos baseada na intervención dos lugares de cría.

A primeira actuación é a detección dos lugares susceptibles de ser un **hábitat larvario** do mosquito.

Unha vez localizados as actuacións débense centrar en **neutralizar** tódolos elementos ou puntos de risco posibles.

Gran parte desta labor preventiva debe ser realizada pola **ciudadanía**, xa que entre o 60 e o 80 % dos puntos de cría están situados en propiedades privadas.



Medidas de prevención



Evitar que a auga se acumule en **recipientes** tales como floreiros, macetas, bebedoiros.



Empregar esponxas, fibras absorbentes, , xeles hidropónicos, area, etc para recipientes que necesiten auga, de xeito que impidan o depósito de auga de choiva.

Manter os obxectos nos que se poida acumular auga a cuberto e secos.

Os **pneumáticos** deben apilarse e cubrir cunha lona. Deben ser perforados para que non acumulen auga.

Débese revisar e arranxar calquera estrutura que poida acumular auga.

Manter os **depósitos** de auga tapados ou **cubertos** con tea mosquiteira



Medidas de prevención en determinados espazos públicos

Cemiterios

Adoitar medidas que permitan que todos os recipientes contedores de flores e os obxectos ornamentais non permitan a acumulación de auga.

Utilizar **area** ou esponxas nos recipientes.



Centros educativos e outros equipamentos

Aplicar un programa de xestión pola variedade de posibles lugares de cría do mosquito tigre especialmente durante o peche vacacional.



Embornais e fontes

En zonas onde o mosquito tigre puido establecerse (ex. Levante) os embornais ou reixas sifonadas resultaron ser focos de cría importantes para o mosquito.

Este tipo de infraestruturas requiren importantes operativos de tratamento larvicida sistemático e planificado.

Pequenas fontes ornamentais localizadas en zonas sombrías poden constituír bos focos de cría potencial.

E preciso resaltar o risco das fontes ornamentais non accesibles á inspección municipal por situarse en recintos privados.





Espazos públicos



Evitar a rega excesiva de zonas verdes e a acumulación de auga durante varios días.



Vixiar os embornais, sumidoiros e comprobar que non acumulen auga.



Recircular as masas de auga evitando o estancamento durante varios días.

Manter limpos estanques e fontes





Prevención en espazos privados

Calquera elemento temporal que poida acumular auga de choiva pódese converter nun punto crítico para a cría dos mosquitos.

Mobiliario, envases, xoguetes, especialmente os situados en zonas sombrías.

En situacións de alerta de saúde pública pódese recorrer a toma de medidas coercitivas segundo a Ley Orgánica 3/1986, do 14 de abril de Medidas Especiais en Materia de Saúde Pública





Hortos, solares e leiras en desuso

Hai que manter estes espazos libres de focos de cría de mosquitos.

As leiras desocupadas deben ser obxecto de vixilancia e notificación municipal se conteñen puntos de cría de mosquitos.

No caso, moi frecuente en hortos, de presenza de bidóns, débense manter tapados hermeticamente ou cubertos con tea mosquiteira.





Embarcacións

En cidades costeiras ou con leitos fluviais navegables, os barcos amarrados nos peiraos acumulan auga de choiva e poden ser focos de desenvolvemento do mosquito tigre.



Centros onde se almacenan ou manipulan pneumáticos


Os pneumáticos usados amontoaranse en columnas verticais que deben estar a cuberto ou cubrirse con lonas.

O transporte deste material implica o risco de dispersión de distintas especies de mosquitos





Outros posibles focos de cría



Estanques urbanos se non se limpam con regularidade.



Piscinas que non sexan ben baleiradas fora de uso.



Sillas de xardín que poidan reter auga de choiva.

Ocos en árbores



Bebedoiros ou comedeiros para animais.

Control larvicida

Utiliza toxinas de cultivo de esporas bacterianas.
Actúan sobre o sistema dixestivo das larvas.
Non son tóxicas para os vertebrados.

Onde non se poidan eliminar ou modificar os focos de cría.

Os tratamentos larvarios son os máis efectivos.
Impiden que se alcancen elevadas poboacións de adultos.

Recoméndase establecer a nivel local unha cartografía detallada de todos os focos de cría potenciais.




Figura 8. Prescripción dun tratamento biocida para larvas. Fonte: Plan Nacional de Prevención, vixilancia e control das enfermidades transmitidas por vectores.



Control biolóxico

Introducir especies acuáticas depredadoras en grandes masas de auga naturalizadas.

Carpines dourados en hábitats artificiais.

Colocar caixas refuxio para morcegos que se alimentan de mosquitos.

Liberar grandes cantidades de mosquitos machos estériles.

